Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Campo da Matanza de Conforto

Hai moitos topónimos iguais ou semellantes a este. As explicacións referentes á orixe do nome son parecidas en todos os casos. O Campo da Matanza da parroquia de Conforto, concello da Pontenova (Lugo), chámase así porque alí, vén de vello a historia, houbo unha batalla moi grande cando botaron ós mouros de España. Os mouros estaban no castro de Vilar de Conforto, que aínda hai tres ou catro trincheiras, e os españois estaban no lado de aló. Morreron moitos máis españois ca mouros porque, claro, non tiñan onde abrigarse.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte.

Arquivo Chaira: Información de JOSÉ VILLAR RODRÍGUEZ, Conforto, A Pontenova (Lugo).

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X., REIGOSA, A. e SALVADOR, M.; Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances. Deputación provincial de Lugo, 1998.